

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O
DÍA VINTE E TRES DE DECEMBRO DE 2009, CON CARÁCTER
ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros	D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ
	D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D ^a . ANA BELÉN PICÓN COTOS
	D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS
	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a : MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D ^a : M ^a . JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
	D ^a . XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día vinte e tres de decembro de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (19/11/2009)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dezanove de novembro do ano que andamos, que logo de corrixir no punto 5º de aprobación do POS 2010 a denominación da pista Buxeiros, por San Pedro, apróbase por unanimidade dos asistentes

2º.- Acordo, se procede, sobre proposta da Ordenanza específica reguladora das bases da convocatoria para a concesión de axudas para situacións de emerxencia social



Dáse conta da proposta de ordenanza específica reguladora das bases para a concesión de axudas municipais para paliar situacións de emerxencia social de persoas ou familias residentes no Concello de Vedra

Dona Xosefina Guitián do BNG di que no que se refire a axudas para aloxamento alternativo temporal (punto 5.C.3) non entende como sendo unha axuda de emerxencia social o beneficiario tería que achegar o 75% dos seus ingresos

O Sr. Sánchez do BNG expón que lle parece que falta na redacción "como máximo o 75% dos seus ingresos", proponendo someter á consideración da técnica de servizos sociais e que sea hai que facer algunha corrección que a faga, para non retrasar a aprobación polo pleno"

O Sr. Alvela de TEGA di que lle parece ben o exposto pola concelleira do BNG e máis a proposta do Sr. Sánchez

O Sr. Martínez do PP di que está de acordo coas bases

Dona Xosefina Guitián di que se vai abster na votación ó non ter claro cal vai a ser a redacción definitiva dese punto

Posta a votación as citadas bases, apróbanse con 12 votos a favor do PSdeG-PSOE, PP e TEGA e 1 abstención do BNG

3º.- Acordo, se procede, sobre proposta de ordenanza reguladora do prezo público por traballos de limpeza de leiras

Dáse conta da ordenanza fiscal reguladora do prezo público (num. 23) pola realización dos traballos de limpeza de terreos pertencentes ós propietarios e titulares obrigados ó seu mantemento, conforme á ordenanza municipal reguladora da limpeza obrigatoria de terreos forestais e soares en solo urbano ou de núcleo rural e outras accións preventivas contra incendios forestais, cando incumprisen as obrigas alí contidas e tivese que realizar os traballos necesarios o concello

Proponse:

1º.- Aprobar provisionalmente a ordenanza fiscal num. 23 reguladora do prezo público por traballo de limpeza de leiras, establecendo un prezo de 30 euros/m² máis o custo administrativo

2º.- Darlle ó expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante a exposición do mesmo no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas

3º.- Considerar, no suposto de que non se presenten reclamacións ó expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo de acordo co establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo da Lei Reguladora das Facendas Locais

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta



4º.- Acordo, se procede, sobre proposta da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos municipais e intervención en materia de seguridade cidadá

Dáse conta da proposta de ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos municipais de intervención en materia de seguridade cidadá (num. 24)

Proponse:

1º.- Aprobar provisionalmente a ordenanza fiscal num. 24 reguladora da taxa pola prestación de servizos municipais de intervención en materia de seguridade cidadá, con algunhas matizacións.

2º.- Darlle ó expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante a exposición do mesmo no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas

3º.- Considerar, no suposto de que non se presenten reclamacións ó expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo de acordo co establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo da Lei Reguladora das Facendas Locais

As matizacións informadas favorablemente na Comisión Informativa son:

1º.- No artigo 2 "Feito imponible e obriga de contribuir",

1.1.- No apartado b de servizos non suxeitos, onde di " os prestados en beneficio..... ou calamidade pública apreciada pola corporación", debe dicir " os prestados en beneficio..... ou calamidade pública apreciada polo órgano municipal responsable".

1.2.- Engadir un novo apartado d "actividades propias de colaboración coas asociacións municipais e comisións de festas"


2º.- Tamén e no punto 2 .1 se relacionarian as intervencións suxeitas á taxa que serían as seguintes:

- A.- Accidentes (de tráfico ou acontecidos en vías públicas)
- B.- Verquidos, derrames e espaces
- C.- Recollida de animais feridos, mortos ou abandonados
- D.- Incendios (cando exista un responsable)

Quedando redactado o punto 2.1.b do seguinte xeito " a presenza de persoal e materiais do departamento en concentracións, espectáculos e outros, con fins preventivos, agás os excluídos expresamente na letra d do apartado de servizos excluídos"

O Sr. Alvela de TEGA di que no caso de accidentes debería quedar máis clara á quen se lle repercutiría a taxa, xa que o seu entender queda moi difuminado.

O Sr. Sánchez di que as cuestións se resolverían na práctica



O Sr. Iglesias do PSdeG-PSOE di que nos concellos a taxa existe simplemente para aqueles casos nos que Protección Civil ten que sair fóra do termo municipal e poder repercutirle o custo ás compañías de seguros

O Sr. Martínez do PP di que efectivamente non se pode prever toda a casuística nunha ordenanza, que as normas intentan ser o máis xenéricas posible pero que despois aplícase a costume e o sentido común. Di que no referente a asociacións municipais, debe concretarse ás que se refire, e que o seu grupo vai absterse na votación

O Pleno con 7 votos a favor do PSdeG-PSOE e BNG e 6 abstencións do PP e TEGA, acorda aprobar a citada proposta

5º.- Contestación ás preguntas formuladas no pleno anterior

--Ás preguntas do Sr. Martínez do PP, a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre do Museo de Vedra, di que se lle encargou á empresa A-1 a elaboración dun proxecto para a instalación dos sistema de alarma, e que nun futuro cederase á Asociación de Veciños

2.- En canto ás obras na estrada de Vedra -Santa Lucía, di que se lle requiriu á Deputación por seur unha estrada da súa propiedade, para que esta á súa vez requira á empresa encargada das obras

--Ás preguntas de dona Xosefina R. Guitián do mes de xullo, a Presidencia contéstalle

1.- Á pregunta sobre da limpeza dos espazos comúns nas Casas de Cultura como establece o Regulamento, di que estase a completar o listado de todos os locais para coñecer á súa situación, pero que ata o de agora o que se ven facendo é limpando cando hai algún acto

2º.- En canto á política de poio á conciliación da vida familiar e laboral para o vindeiro curso escolar, di que o servizo de madrugadores funcionou moi ben pero que hai poucos usuarios, e polo que respecta ós comedores dos colexios, no de Ortigueira estase a apoiar cun membro de Protección Civil


Ás preguntas do Sr. Martínez do PP do pleno do mes de xullo, a Presidencia contesta:

1.- Sobre das xestións para lograr a contratación da fase da Ponte das Cabras, límite municipal, da estrada Vedra -Santa Lucía, di que xa se falou noutro pleno, que a Deputación está a revisar este e máis o proxecto do tramo final

2.- En canto á limpeza da masa común da curvas das Cabras en Paradela - San Xián, que xa se limpou a cuneta

3.- Sobre da colocación de vallas na ponte do río Pereiro en Bazar -Trobe, e os quitamedos na recta xunto do lavadoiro de Rosende en Merín, que o concelleiro de obras, Sr. Iglesias, está a estudar a posibilidade de conseguir os quitamedos a un prezo razoable, que son bastante caros

4.- Á pregunta sobre dos puntos de luz en Merín, entre a casa de José Balboa e de Esther da Costa, que xunto das vivendas xa hai farolas e nese tramo non hai máis vivendas



5.- Sobre da colocación de marquesiña en Silvaescura en San Fins, di que xa se falou nun pleno, que se está á espera de que o Director Xeral de Transportes nos comunique como queda o tema desa parada, ó igual que o transporte interno do concello

6º.- En canto á obras de construción dunha gábea de formigón en Socastro-San Mamede, di que se foi ver pero que existen outras obras máis prioritarias

--Ás preguntas formuladas pola voceira do BNG no pleno ordinario do mes de setembro, a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre da depuradora do complexo de Xián -Trobe, di que a día de hoxe as cousas están como estaban; o que si e que se colocou unha fosa séptica nalgunha parcela, pero que ata que veña aprobada a depuradora de Xián, o tema non ten moita solución, pois a posibilidade de colocar unha pequena fosa séptica e canalizar os verquidos para unha masa común non é posible ó non existir ningunha nesa zona

Dona Xosefina di que nos proxectos orixinarios do complexo estaba previsto unha fosa séptica en cada parcela, e que ó final non se fixo así e só se instalou unha depuradora para todas as vivendas, e tendo en conta que non se sabe canto tempo tardará a depuradora , pregunta se hai que consentir que se continúe contaminado, pois ó mellor hai que colocar unha fosa en cada parcela

O Sr. Alcalde di que non hai queixas dos veciños sobre da existencia de verquidos na actualidade

2.- En canto á obriga de elaborar un Plan económico-financeiro , cédelle a palabra o Sr. Sánchez, que dá conta dos pasos seguidos neste tema. Así expón que o orzamento do exercicio 2008 liquidouse cun remanente líquido de tesourería negativo; que no exercicio 2008 o grupo de goberno presentou o Plan económico-financeiro que foi rexeitado pola oposición no pleno . Que o orzamento do exercicio 2008 liquidouse cun superávit de 300.00 euros e que o orzamento do exercicio 2009 aprobouse cuns ingresos superiores a gastos por importe da diferenza que quedaba pendente da liquidación negativa do exercicio 2007. O que queda agora é esperar a liquidación deste exercicio para saber se se saldou ou non ese déficit do exercicio 2007

3.- Ás preguntas sobre das obras do campo da festa de San Miguel de Sarrandón, xa están contestadas


--Ás preguntas do Sr. Costa do PP, a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre dos gastos de enerxía do local social de San Xián, di que en principio é un local privado como outros que existen no concello, e que se algún día se acorda sufragar os gastos dese local tamén se fará para os demais

2.- En canto ós problemas eléctricos da Casa de Cultura A Cruza, di que xa están solucionados

3.- A Pregunta sobre do saneamento en Paradela -San Xián, di que as obras foron adxudicadas á empresa Oviga, S.L, e que están á espera de que se defina o novo trazado da estrada Vedra -Santa Lucía

4.- Sobre das obras da estrada Oza -Cibrán, di que a obra non está rematada e que o enxeñeiro -director da obra emitiu un informe negativo sobre das obras realizadas, que se lle comunicou á empresa estando á espera da súa contestación.



5.- En canto ó ensanchamento da pista que une a CP 8203 e San Fins, di que xa está incluída nun plan de obras

6.- Sobre da instalación da antena de telefonía móbil en San Fins, di que non reunía as condicións, polo quen foi denegada a licenza

--Ás preguntas do Sr. Martínez Carrillo, contéstalle:

1.- En relación ó local social de O Souto, di que se pretende rematar antes da Festa da Orella, alá polo mes de maio, e que os servizos necesarios se levarán a cabo agás o da calefacción, que non está previsto, como tampouco está previsto ningún tipo de equipamento

2.- En relación a distintas pistas e vías, di que a de Nande - A Torre e a mesma solicitada polo Sr. Costa, que está incluída nun plan de obras

*Sobre da estrada Gaiosa a San Miguel que a Deputación contratou o proxecto da ponte, que sería conveniente que fose encaixado cos obras do Polígono Industrial

*Sobre das pistas que baixan hacia o centro de Merín, que a día de hoxe xa non existen eses problemas

*En canto ó asfaltado da pista que pasa polo medio da aldea de Neira de Abaixo, di que xa está rematada

3.-Sobre da limpeza das masas comúns, di que son propiedade da Xunta de Galicia e que o concello non ten ningunha competencia sobre delas

4.-En canto ó tema de TDT, di que chegou un informe que sinala que existe unha cobertura do 93% no termo municipal. Nestes momentos están cambiando os repetidores, no caso do da Ulla, e no de Reboredo que dálle cobertura á parroquia de Arnois -A Estrada, comprometemonos a facer a obra de colocación do poste e a cambio no de Paradela encárgase o concello de A Estrada

-- Á pregunta do Sr. Alvela sobre da UTE do Parque Empresarial, a Presidencia di que a día de hoxe a información da que se dispón é que a empresa deu en quebra e o Banco Bilbao está a executar o embargo, que non lle interesan os terreos e que vai intentar colocar os mesmos


O concello vai intentar facer unha xestión a certo nivel para saber se está alguén interesado en comprar as parcelas

Seguindo co tema do Parque Empresarial di que vanse facer dous sectores: un sector co problema de Bograo e máis estas parcelas da UTE e outro coas parcelas restantes

Di que nunha reunión informal informouse do problema existente coas dúas mámoas e que se lle solicitou autoirización a Patrimonio para poder levar a cabo unhas catas e saber se existen ou non as mesmas

Di tamén que o problema que máis lle preocupa tanto o equipo relator como as propietarios e o tema da subministración eléctrica, que se lle solicitou a Fenosa da nova subestación que existe na parte de Pontevedra, cun custo previsto de 1.000.000 euros, pero que Fenosa comunicou que tiña que ser subterránea elevándose o custo a 2.500.000 de euros

Remata sinalando que existe outro informe sobre do custo do m² de parcela en 20 euros, previsto inicialmente en 25 euros/m², que supón un aforro importante



-- Sobre da organización dunha serie de sesións informativas con todos con concellos referentes ós fondos europeos, di que falou con concellos como Brión, Teo, e outros e que Caixa Galicia non nos convocou a ningunha reunión

--En canto ó proxecto Ultraia, di que é un proxecto europeo, no que entra Vedra, Boqueixón e Santiago dentro da Vía da Prata para a implantación dun turismo sotible, xunto con outras zonas de Irlanda, Grecia e Portugal, e que é o mesmo programa que a Dirección Xeral de Turismo está a impulsar para o Camiño Francés

6º.- Rogos e preguntas

Dona Xosefina R. Guitián do BNG pregunta:

1º.- En Xunta de Goberno de 24 de novembro consta unha factura de 12.690 euros por coordinación e xestión do Banco de Tempo: en qué consisten exactamente os traballos contratados a esta empresa (Andamiaxe Innova) e cal é a explicación da súa necesidade habendo unha persoa contratada a tempo completo para o Banco de Tempo?

2º.- Cal foi o acordo a aplicar nas nóminas ó que se chegou coa Mesa Xeral de Negociación?

3º.- Para a atención de qué gastos de persoal houbo que transferir créditos da partida 322 ás 551 e 451?

4º.- Xa foi entregada a certificación nº 4 e final da obra Locais de exposición e graderios do campo da festa de San Miguel de Sarandón; polo que eu viar nos proxectos cosultados entendín que quedarían os locais xa rematados pero parece que non é así, quizais porque o interpretei eu mal: en todo caso: cando se prevén rematar os locais e facer as canalizacións pertinentes? Cando se prevé que empecen as obras comprometidas pola Deputación dentro do Plan Ulla -Tambre?

5º.- Gustaríame saber canto costou en concreto o Palco artístico colocado no Campo da Festa de San Miguel de Sarandón.


6º.- Dentro do Plan Ulla -Tambre tamén se financiaron a construción dunha barcazas para o Rio Ulla; cando empezarán a funcionar turísticamente. Cal é o destino da que está na Casa de Cultura de Sarandón dende que fora presentada. Rogo se lle busque un lugat axeitados xa que está nun local moi utilñizado polo que se pode deteriorar por mal uso

7º.- Segundo consta na resposta dada no Parlamento de Galicia á deputada do BNG Ana Pontón, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria destinou no 2008 12.000 euros para actuar no comedor do CEIP de Ortigueira, investimento que tiña previsto realizar no 2009. As obras deste comedor financiaronse con cargo ó FEIL. Fíxose tamén o investimento da Consellería? En que se concretou?

--Don José Alvela deséxalle a todos un Feliz Nadal e un Bo ano novo

-- Don Manuel Costa do PP formula os seguintes rogos e preguntas:

1º.- Rogamos que en tanto non se executen as obras da pista de A Torre, incluídas nun plan, se amañen os grandes buracos que hai nela e se lle abran as cunetas para poder transitar. Xa se produciron varios accidentes nela e é necesario reparala, aínda que sexa de xeito transitorio, canto antes



2º.- Rogamos tamén que se estenda coa pala municipal a terra que alguén depositou no camino que une Quintáns con Paradela e que dificulta o paso

3º.- Na pista de A Torre -Matelo a San Fins producíronse varios desprendementos de terras, solicitamos que o concello adopte as medidas oportunas para solucionar os problemas que estes desprendementos ocasionan e velar pola seguridade da vía. Rogamos tamén que se volva a colocar o taboleiro deste lugar que está tirado no chan

4º.- Na pista de Cibrán a Oza, lugar de Larño, houbo desprendementos de terras, motivo que ocasionou as protestas dos veciños. Xa en plenos anteriores o noso grupo se interesou pro esta pista ampliada fai pouco. Como seguen aparecendo desperfectos preguntamos:

-Está recepcionada a obra? As obras realizadas axústanse ó proxecto contratado? Que xestións se teñen feito dende o concello para que está vía estea nas condicións debidas?

5º.- Nas obras da estrada DP 8203 tapouse un lavadeiro público perto da igrexa de San Xián. Este lavadeiro estaba no inventario de patrimonio, non si? Recibiu o concello algunha cantidade en concepto de expropiación por él?. Fixo algunha xestión para protexer este elemento patrimonial? Rogamos que dende o grupo de goberno se traballe para recuperar eses manantiais de uso público para un aproveitamento que se acorde coa parroquia a través da asociación de veciños?

Rogamos que dende o concello se vixile o cumprimento da normativa de seguridade por parte da empresa que está a executar as obras da estrada Vedra - Santa Lucía.

6º.- Solicitamos que se arranxen varias farolas na estrada Vedra -Santa Lucía en San Xuán, que levan moito tempo sen funcionar

7º.- Volvemos a solicitar a colocación dun punto de luz en Quintáns, fronte á vivenda nº 24. Xa hai un poste e faise necesario o alumeadado nesa vía porque esta casa queda entre montes e é unha vía sen saída

8º.- Por últimos rogamos que cando se nos envíe algunha convocatoria ou invitación para eventos próximos, mediante correo electrónico, se nos avise da comunicación vía telefónica

-- Don Carlos Martínez do PP, formula para a súa contestación as seguintes preguntas e rogos:

1º.- O pasado domingo no pavillón polideportivo de Vedra tivo que suspenderse a xornada que estaba programada pola Federación Galega de Baloncesto en relación á ligar zonal (Cluny vs. Rosalía e Basquet Ribadulla vs. Dubra) dadas as numerosas goteiras que caían sobre da pista, facendo impracticable e sobre todo perigosa a práctica deportiva. Dito grave problema xa se nos ven advertindo polos distintos usuarios do pavillón, y é algo que se van arrastrando dende fai moito tempo. Solicitamos unha solución definitiva e arranxo xa.

2º.- Rogamos de novo se coloque unha marquesiña no lugar de Silvaescura en San Fins, solicitada xa polos veciños do lugar dende o mes de novembro do ano 2008. Solicitamos igualmente que o concello nos próximos días faga a solicitude formal á Mobilidade da Xunta de Galicia da parada de bus en dito lugar.

3º.- Sabedores de que as choivas caídas nas últimas semanas foron moi importantes e provocaron numerosas incidencias nas distintas vías municipais e supramunicipais, preguntamos ¿o equipo de goberno co Alcalde á cabeza, fixo algún tipo de valoración de danos?. Estanse a tomar as medidas oportunas para reparar

ditas vías ou reclamar a quen corresponda o arranxo das mesmas?
ser así, rogamos se faga xa.

De non

7º.-- Rogos e preguntas veciñais

A Presidencia, ó abeiro do disposto no artigo 23 do Regulamento de Participación veciñal, aprobado definitivamente e publicado no BOP num. 68/08, do 25 de marzo do ano que andamos, establece un turno de rogos e preguntas co público asistente á sesión

Non se formulan

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e dez minutos

